



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS



CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE O INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A COLABORACIÓN NAS DIRECTRICES DE PAISAXE DE GALICIA

Santiago de Compostela, a 25 de abril de 2016

COMPARECEN

Dunha parte, a señora....., Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 122/2015, do 4 de outubro, publicado no Diario Oficial De Galicia do nº 190 do 5 de outubro de 2015, que actúa en nome e representación da Comunidade Autónoma de Galicia, facultada polo disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e coma Presidenta do Instituto de Estudos do Territorio, no exercicio das facultades conferidas polo artigo 12 e 13.1 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os seus estatutos,

Doutra parte, a Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC), con CIF Q1518001A, e sede no.....,e no seu nome e representación o Excmo. Sr....., Reitor Magnífico da USC, segundo Decreto 62/2014, do 28 de maio, da Xunta de Galicia (DOG do 4/06/2014), que conta con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido no artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001 de Universidades, de 21 de decembro (BOE do 24/12/2001), e no artigo 85 dos Estatutos da USC, aprobados por Decreto 14/2014 de 30 de xaneiro da Xunta de Galicia (DOG do 12/02/2014).

Ambos representantes, recoñecéndose mutuamente capacidade xurídica suficiente, subscriben en nome das respectivas entidades o presente convenio, e o efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.

Que a USC é unha Entidade de Dereito Público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, estando interesada en colaborar con outras entidades para asegurar un dos fins da formación e da investigación, que é a transferencia de tecnoloxía no eido da xestión do medio natural co obxecto de manter, ou no seu caso, mellorar a súa funcionalidade ecolóxica.

SEGUNDO.

Que, en cumprimento do mandado legal do artigo 31 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, a través da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, se crea o Instituto de Estudos do Territorio (IET) e dispónse a súa adscrición á consellería competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, ao tempo que se regulan os aspectos indicados na devandita Lei 10/1995, do 23 de novembro. Mediante o Decreto 244/2011, do 29 de decembro, apróbanse os estatutos do Instituto de Estudos do Territorio, organismo autónomo regulado na sección segunda do capítulo II, título III, da Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

TERCEIRO.

Que, segundo establece o artigo 9 dos seus estatutos, o Instituto de Estudos do Territorio ten por obxecto a análise, o estudo e o asesoramento en materia de urbanismo e ordenación do territorio, e enténdese que esta comprende a ordenación, a protección e a xestión da paisaxe. En consonancia co seu obxecto, o Instituto de Estudos do Territorio exercerá as seguintes funcións, sen prexuízo das que lles correspondan aos órganos urbanísticos da Xunta de Galicia:

a) Realizar traballos de investigación, análise, estudo e difusión sobre urbanismo e ordenación do territorio, en particular:

1. A realización de investigacións metodolóxicas, bases de datos e indicadores para o seguimento do desenvolvemento territorial de Galicia, co obxectivo de alcanzar a xestión dinámica das súas paisaxes.
2. A realización de análises e diagnósticos, así como a formulación de propostas e alternativas para a ordenación e a xestión do territorio dende unha perspectiva global orientada ao desenvolvemento sustentable e á cohesión territorial de Galicia.
3. A participación en foros especializados, redes e proxectos, de carácter nacional e internacional, en materia de urbanismo, ordenación do territorio, sustentabilidade e paisaxe.
4. A promoción, o deseño, a execución e o seguimento de programas ou accións e actividades formativas de concienciación para a sustentabilidade dirixidas ao conxunto da sociedade de Galicia e das súas institucións, públicas e privadas, en especial, mediante a educación e a formación nas materias de urbanismo, ordenación do territorio e paisaxe.
5. A posta en marcha de instrumentos para a protección, a xestión e a ordenación das paisaxes de Galicia, tales como os catálogos e as directrices da paisaxe, os estudos de impacto e a integración paisaxística, os plans de acción da paisaxe en áreas protexidas, incluída a elaboración dos informes deles derivados, así como calquera outro que se entenda como necesario para o cumprimento dos puntos anteriores, mentres non se constitúa o Observatorio Galego da Paisaxe.

CUARTO.

Que a USC é unha entidade independente e sen ánimo de lucro na que participan investigadores e técnicos de valía profesional e prestixio recoñecido posuíndo os medios técnicos axeitados para levar a bo fin as actividades mencionadas de interese xeral.

QUINTO.

Que o Instituto de Estudos do Territorio (IET) asumiu as funcións do Observatorio galego da paisaxe no desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia. Esta norma, no seu artigo 5 establece que os poderes públicos de Galicia velarán para que, no ámbito das súas competencias, se adopten as medidas específicas necesarias para a protección, xestión e ordenación da paisaxe e establece os instrumentos para conseguilo. Neste eido a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, dende o ano 2011, está a desenvolver unha Estratexia da Paisaxe de Galicia (EPG), cara a posta en valor, protección e recuperación, no seu caso, da paisaxe galega. Trátase dunha política transversal a todos os departamentos que se alongará durante toda a lexislatura incidindo en accións que acaden unha nova sensibilidade para construír a Galicia do futuro, a terra, o territorio e a paisaxe que queremos deixarlle ás xeracións vindeiras.

A Estratexia da Paisaxe de Galicia sinala as liñas mestras para o desenvolvemento dos instrumentos propios previstos na Lei da Paisaxe e dunha acción coordinada baseada en valorizar a calidade da paisaxe galega. Os principios inspiradores do Convenio europeo da paisaxe e da Lei da Paisaxe de Galicia, concréntanse neste nova etapa da Estratexia da paisaxe nos seguintes 3 grandes obxectivos xerais:

1. Identificar e caracterizar os valores e as potencialidades da paisaxe de Galicia cara a súa protección e xestión.
2. Potenciar a integración e a consideración da paisaxe na acción do Goberno.
3. Avanzar na formación técnica e profesional en particular, e na concienciación social en xeral.

Cada un deste obxectivos concréntanse nas liñas de acción do plan operativo que constitúe a Estratexia. Dito plan concreta as ferramentas, accións e medidas a desenvolver para acadar ditos obxectivos, así como o axente que debe lideralo. A primeira liña de acción para acadar o primeiro obxectivo da Estratexia da paisaxe foi a elaboración do catálogo das paisaxes de Galicia. Baixo esta mesma liña operativa, vanse a acometer as Directrices da Paisaxe, que son as determinacións que baseadas nos catálogos da paisaxe definen e precisan para cada unidade de paisaxe os obxectivos de calidade paisaxística que se pretenden acadar.

SEXTO.

Que o Instituto de Estudos do Territorio e a USC concordan ao considerar esencial o establecemento de mecanismos de participación social na toma de decisións e na definición das políticas da paisaxe; fomentar a sensibilización da sociedade galega no referente ao valor da paisaxe, da súa importancia e funcións, así coma promover o estudio e a formación en materia de paisaxe, especialmente no ámbito universitario.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS



Conforme ao establecido no artigo 14 da Lei de protección da paisaxe de Galicia, na consideración da importancia ambiental, cultural e social que posúen as nosas paisaxes como sinal de calidade de vida, o IET e a USC teñen o interese común e coincidente na paisaxe de Galicia. Ditas entidades manifestan a súa vontade de colaborar no desenvolvemento de actuacións que teñen por finalidade a consecución dun fin de interese xeral, como é o da promoción da paisaxe e a súa importancia, entendendo, en consonancia co artigo 1 da Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia que a paisaxe ten unha dimensión global de interese xeral para a comunidade galega, por canto transcende aos campos ambientais, culturais e sociais. Neste eido teñen desenvolvido, desde o ano 2010, diferentes accións encamiñadas á definición dos obxectivos de calidade paisaxística das grandes áreas de paisaxe de Galicia, caracterización ecodinámica das paisaxes da Galicia interior e selección de lugares de control para a caracterización e validación dos tipos propostos, entre outras. As Directrices da paisaxe deben estar baseadas nos catálogos da paisaxe, documento no que xa participou activamente a USC, polo que a súa participación na elaboración das Directrices de Paisaxe considérase fundamental.

A USC ten coma unha das súas misións acercar á sociedade a competencia, a habilidade, a experiencia, o talento e o saber científico e técnico xerado polos grupos de investigación universitarios, e colabora coas outras Universidades galegas e institucións públicas, entidades e empresas de Galicia.

A universidade de Santiago de Compostela conta co Sistema de Información Territorial (SIT), que é unha plataforma da Rede de Infraestruturas de Apoio á Investigación e ao Desenvolvemento Tecnolóxico (RIAIDT), e que proporciona apoio científico e tecnolóxico aos membros da USC, e do resto da sociedade, no que atinxe á solicitude e manexo de información, investigación e produción científica relacionada co territorio ou cunha compoñente xeo-espacial (<http://www.usc.es/gl/investigacion/riaidt/sit/index.html>).

O SIT dispón, a través de compras propias, dos traballos e proxectos do grupo do Laboratorio do Territorio (LaboraTe), de convenios e acordos con distintos organismos e entidades, dun amplo número de conxuntos de datos cartográficos. Estes fondos están dispoñibles en distintos grados de acceso, segundo o provedor orixinal, á licenza coa que se adquiriron no seu día e ao receptor final (membros da USC ou público en xeral).

Todo o anterior, unido ao Sistema de Información Xeográfica, SIX corporativo, co que conta o IET, instrumento que se configurará como a ferramenta tecnolóxica utilizada para a organización e xestión da cartografía e a información xeográfica da administración galega, e que está composto polos sistemas de información xeográfica e bases de datos xeorreferenciadas de todos os departamentos que configuran a Xunta de Galicia, fai que nas actuacións conxuntas que se van a levar a cabo, nas que participarán tanto a USC como o IET, non resulte posible promover a concorrência.

Por todo o exposto, as partes consideraron a conveniencia de formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

Este Convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e o Instituto de Estudos do Territorio, nunha actuación conxunta, coordinación e soporte técnico que permita acadar a redacción das Directrices da paisaxe para todo o territorio de Galicia e así continuar a tramitación para a súa aprobación polo Consello da Xunta.

As directrices de paisaxe son as determinacións que baseadas nos catálogos da paisaxe definen e precisan para cada unidade de paisaxe os obxectivos de calidade paisaxística que se pretenden alcanzar. Estes obxectivos de calidade paisaxística deben expresar as aspiracións da cidadanía en canto á valoración e ao grao de compromiso da colectividade na protección das nosas paisaxes, polo que a determinación destes obxectivos se fará mediante un proceso de participación pública. As directrices de paisaxe xunto co Catálogo das Paisaxes de Galicia constitúen o chamado Atlas das Paisaxes de Galicia.

SEGUNDA.- COMPROMISOS ASUMIDOS POLAS PARTES

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través do Instituto de Estudos do Territorio, asume os seguintes compromisos:

- a) Exercer a supervisión, coordinación e seguimento dos traballos e estudos obxecto deste convenio, a cuxo efecto designará un/a técnico/a, que será o interlocutor entre a Consellería e a Universidade de Santiago (USC).
- b) Subministrar e facilitar, aquela información dispoñible que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste convenio, así coma o apoio e asesoramento técnico preciso.
- c) Aportar as cantidades estipuladas na cláusula cuarta.

A Universidade de Santiago (USC) asume os seguintes compromisos:

- a) Cumprir cos obxectivos, executar as accións e realizar as actividades contempladas no Anexo I.
- b) As accións que leve a cabo a USC serán realizadas por un equipo baixo a dirección científica de persoal do Laboratorio do Territorio (G.I.-1934) e do Sistema de Información Territorial da Universidade de Santiago de Compostela (SIT), con experiencia demostrada en xestión do territorio e paisaxe, que actuará como interlocutor/a fronte ao Instituto de Estudos do Territorio.
- c) As documentos das Directrices da paisaxe de Galicia formularanse cunha base científica para que poidan ir completándose e evolucionando coas achegas da participación da sociedade e da experiencia administrativa dos restantes departamentos e outras administracións.

TERCEIRA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMENTO

Para o seguimento do presente convenio establecerase unha comisión mixta na que participarán a Vicerreitora de Investigación e Innovación da USC ou o Vicerreitor de

Desenvolvemento Científico e Tecnolóxico do Campus de Lugo, e un representante do LaboraTe (G.I.-1934), ou persoas que se designen en substitución das anteriores, por parte da Universidade de Santiago (USC), e dous representantes designados polo Instituto de Estudos do Territorio nomeados para tal fin.

Esta Comisión Mixta desenvolverá os obxectivos que xustifican o asinamento deste convenio, cumprindo de modo específico as seguintes funcións:

- a) Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste convenio, así como controla- lo seu cumprimento e resolve- los conflitos entre as partes.
- b) Propoñer addendas ou modificacións a este convenio para que sexan aprobados polos órganos competentes.
- c) Seguimento das actividades contempladas no presente convenio

A Comisión Mixta de seguimento reunirse con motivo do seguimento do traballo na periodicidade que se estime necesario convocar.

CUARTA.- FINANCIAMENTO

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través do Instituto de Estudos do Territorio, co fin de facilita-la execución conxunta das accións, aportará durante o prazo de vixencia do convenio a cantidade total de **90.000 €** (noventa mil euros), coma achega pola realización das accións e gastos en que incorra, a aboar á Universidade de Santiago (USC), con cargo á aplicación orzamentaria 2016 07 81 541E 640 1 (código de proxecto 2014 00003).

- No ano 2016.....90.000 €

Estas cantidades faranse efectivas na c/c nº.....
.....A Consellería fará os desembolsos unha vez que a USC presente certificación acreditativa dos gastos incorridos no desenvolvemento do proxecto ata esa data. Dita certificación deberá acompañarse dos xustificantes dos gastos que se relacionen na mesma. A Consellería poderá solicitar canta información adicional e aclaratoria estime oportuna a estes efectos, e a USC estará obrigada a facilitarlle.

A Universidade de Santiago de Compostela, a través do Laboratorio do Territorio, co fin de facilita-la execución conxunta das accións, aportará durante o prazo de vixencia do convenio a cantidade total de **5.000 €** (cinco mil euros).

- No ano 2016.....5.000 €

QUINTA.- ORZAMENTO E PAGAMENTO

O orzamento deste convenio está desagregado no Anexo II e no Anexo III onde se establecen tamén os fitos para a liberación orzamentaria

Para a realización dos pagos estarase ao seguinte:

O aboamento do importe previsto xustificárase mediante presentación de:

- Xustificantes de gasto polas accións realizadas (facturas)
- Informe detallado de tódalas actuacións e dos gastos que orixine a execución das actividades previstas neste convenio.
- Documentos en formato papel e electrónico

Ditos pagamentos financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún. No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a contribución económica do IET diminuírase proporcionalmente, tendo coma data límite de xustificación o 20 de decembro de 2016.

Procederá a obriga de reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas no suposto de incumprimento das condicións establecidas neste convenio, así como a obriga de facilitar a información que sexa requirida polo IET en relación coa xustificación do Convenio, e pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino das cantidades.

SEXTA.- PROPIEDAD INTELECTUAL

En todos os materiais que se realicen froito do presente Convenio aparecerán como coautores a Universidade de Santiago (USC) e o Instituto de Estudos do Territorio, salvo renuncia expresa dalgunha das partes.

En todos os documentos que se xeren como consecuencia deste convenio debe figurar de xeito expreso que esta financiado pola Xunta de Galicia e os logotipos da Xunta de Galicia e do Instituto de Estudos do Territorio.

Calquera que sexa o medio de difusión, ámbalas dúas partes comprométense a facer mención expresa do presente convenio.

En calquera caso a Universidade de Santiago (USC) poderá facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do estudo en actividades propias da súa función investigadora.

SÉPTIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2016

As actividades a desenvolver no marco do presente Convenio realizaranse durante o ano 2016 e iniciaranse ao día seguinte á sinatura do Convenio e rematarán antes do 20 de decembro de 2016 coa presentación ante o Instituto de Estudos do Territorio dos resultados acadados polo programa.

Non obstante, poderá prorrogarse por período dun ano se ambas as dúas partes, á luz do informe de execución emitido para tal efecto pola Comisión de Seguimento, así o consideran de mutuo acordo para o cumprimento íntegro dos termos do convenio.

A prórroga materializarase mediante a subscrición dunha addenda ao convenio, con antelación á finalización da súa vixencia, que recollerá outras accións vinculadas á realización dos obxectivos do mesmo e que son de interese mutua para os asinantes, así como a achega económica específica adicional para o seu desenvolvemento.

OITAVA.- RESPONSABILIDADE

A subscrición do presente convenio non conleva relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e o Instituto de Estudos do Territorio de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

NOVENA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DO CONVENIO.

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por acordo mutuo. A denuncia por unha das partes do presente Convenio deberá comunicarse por escrito á outra parte con tres meses de antelación á data na que se vaia a dar por finalizado.

Son causas de resolución do presente convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial do seu clausurado.
- b) O transcurso do tempo sen rematar as actividades acordadas.
- c) Por resultar inviable a realización das actuacións descritas neste Convenio por causas non imputables ás partes.
- d) A denuncia de calquera das partes
- e) O mutuo acordo.

O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio poderá dar lugar ó reintegro total ou parcial das cantidades recibidas.

DÉCIMA.- NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 4.1 d do texto Refundido da Lei de contratos do sector público, polo que queda fora do seu ámbito de aplicación. Este Convenio rexerá polas súas propias cláusulas e supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

Para todo o non previsto neste convenio estarase ao previsto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e colaboración con particulares, publicado por resolución da consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991 (DOGA nº82, do 30 de abril), e demais normativa de aplicación.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS



UNDÉCIMA.- REXISTRO DE CONVENIOS

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso do interesado á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño de transparencia e boas prácticas na Administración Pública galega (DOGA nº 136 do 14 de xullo) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOGA nº 149 do 3 de agosto)

DUODÉCIMA.- XURISDICIÓN

De conformidade co disposto expresamente no artigo 4.2 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, ao presente convenio seranlle de aplicación os principios da norma anteriormente indicada para a resolución das dúbidas e lagoas que puidesen presentarse para o seu efectivo cumprimento.

As Partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente Convenio. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no incumprimento das obrigas que se deriven do presente convenio, e que non poidan ser dirimidas pola Comisión de Seguimento creada para tal efecto, quedarán sometidas á xurisdición contencioso administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

En proba de conformidade cos termos deste Convenio, as partes comparecentes asínano e rubrican por duplicado exemplar no lugar e data arriba sinalados.

Polo Instituto de Estudos do Territorio

Pola Universidade de Santiago (USC)

.....

.....

Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do
Territorio da Xunta de Galicia

Reitor da USC

(Faixe constar expresamente que este convenio foi asinado, pese a estar eliminadas as rúbricas das persoas asinantes, en observancia do disposto no artigo 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno).